

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 03.07.2019 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 3 de xullo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 50682 (10/CPC-000112)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da secretario xeral de Política Lingüística, por petición propia, para
informar sobre o Plan de dinamización da lingua na mocidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 486, do 12.06.2019

Punto 2. Preguntas

- 2.1 51421 (10/POC-007988)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto da situación laboral das
traballadoras de educación infantil e as actuacións previstas para a súa
mellora
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 489, do 19.06.2019

Punto 3. Proposicións non de lei

- 3.1 32449 (10/PNC-002652)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para o
recoñecemento legal da lingua de signos galega, a garantía polos poderes
públicos do seu uso e a súa introdución no ciclo superior de Técnico en
Interpretación de Lingua de Signos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018
- 3.2 48793 (10/PNC-003944)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a execución polo Goberno galego da totalidade do orzamento
inicialmente consignado para o programa 422E "Ensinanzas artísticas"
para o ano 2019



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 463, do 17.04.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2019

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidenta

Teresa Egerique Mosquera

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Encarnación Amigo Díaz

P

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Carlos Gómez Salgado

P

María Isabel Novo Fariña

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 50682(10/CPC-000112)



Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da secretario xeral de Política Lingüística, por petición propia, para informar sobre o Plan de dinamización da lingua na mocidade

Publicación da iniciativa, 486, 12.06.2019



galicia



Solicitolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 4ª, Educación e Cultura- do secretario xeral de Política Lingüística para informar sobre "o Plan de Dinamización da Lingua na Mocidade".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA-SERODIANS ALVAREZ, BLANCA
Data e hora: 05/06/2019 13:26:44

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 51421(10/POC-007988)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto da situación laboral das traballadoras de educación infantil e as actuacións previstas para a súa mellora

Publicación da iniciativa, 489, 19.06.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo, Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.ª**.

Malia que o primeiro ciclo de Educación Infantil –que abrangue dende os 0 ata os 3 anos– é unha etapa fundamental no desenvolvemento dos nenos e das nenas, os 80.000 profesionais que se encargan dela no conxunto do Estado traballan nunhas condicións moi precarias. Nada lles importa aos gobernos autonómicos – que, segundo o artigo 14.7 da LOE, son competentes en materia educativa– como pode afectar iso á formación dos máis pequenos.

A precarización da ensinanza temperá non é unha casualidade. Trátase dunha das moitas eivas machistas que afectan ao mercado de traballo. O 95% dos 80.000 traballadores da Educación Infantil son mulleres. O 80% do conxunto das traballadoras teñen a categoría profesional de educadora, un 10% son mestras e tituladas superiores. O resto traballan na cociña, en mantemento, na limpeza...

Se atendemos á literalidade do texto da Carta Social Europea, o 90% das traballadoras do sector serían pobres, xa que a súa remuneración apenas supera o Salario Mínimo Interprofesional, quedando por debaixo do 60% do salario medio nacional.

Así, como se recolle nun recente informe de Comisións Obreiras, “as súas condicións laborais non se corresponde ao traballo que desempeñan, a formación que se lles esixe e a responsabilidade que ostentan. Son persoas con formación





superior e con salarios inferiores”. Por esta razón, o sindicato esixiu “o cumprimento do IV Acordo Estatal de Negociación Colectiva (AENC) (...). Dito acordo establece que en 2020 ningún convenio debería contar con salarios por debaixo dos 1.000 euros”.

O agravio que padecen as traballadoras de Educación Infantil é aínda maior se o comparamos co resto de profesionais do ámbito educativo. As educadoras “non dispoñen de xornada non lectiva retribuída para organizar e preparar as actividades, os materiais, para avaliar os procesos, facer postas en común. Todo iso se realiza fóra da xornada laboral; é traballo extra e non remunerado, e a expensas da conciliación familiar de esas traballadoras”.

Foi por todo isto que o pasado 21 de maio as educadoras infantís de toda España decidiron facer unha folga que foi secundada polo 80% das profesionais; polo 90% no caso de Galicia.

O Goberno da Xunta non pode continuar mirando cara outro lado cando isto acontece. Ten que adoptar medidas para garantir que as persoas encargadas de formas aos nenos e nenas disfrutan dunhas condicións de traballo dignas á altura das súas responsabilidades.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia da situación laboral que afrontan as traballadoras de Educación Infantil?
- Parécelle que contan coas condicións profesionais que merecen?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2019 17:52:35
Nº Registro: 51421
Data envío: 12/06/2019 17:52:35.650



- Que pensa facer para melloralas?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 12/06/2019 17:44:55

Luca Chao Pérez na data 12/06/2019 17:45:15

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/06/2019 17:45:39



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 32449(10/PNC-002652)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para o recoñecemento legal da lingua de signos galega, a garantía polos poderes públicos do seu uso e a súa introdución no ciclo superior de Técnico en Interpretación de Lingua de Signos

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:44
Nº Rexistro: 32449
Data envío: 14/06/2018 17:44:23.094

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre o recoñecemento da Lingua de Signos Galega (LSG).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización Mundial da Saúde (OMS) cifra nunha persoa por cada mil nadas o número daquelas que nacen xordas ou perden a audición nos primeiros meses. A elas hai que engadir as que adquiren a xordeira ao longo da vida. Porén, non existen cifras oficiais ao respecto que nos permitan coñecer o número de persoas que no noso país usan a Lingua de Signos. Ora ben, as estimacións sitúannos en milleiros.

Actualmente, só a Lingua de Signos Española (LSE) e a Lingua de Signos Catalá (LSC) teñen recoñecemento legal desde a aprobación da Lei 20/2007 do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordocegas.

Posteriormente, a Generalitat de Catalunya aprobou a Lei 17/2010, do 3 de xuño, da lingua de signos catalá, relativa ao dereito de uso, aprendizaxe e docencia deste idioma signado, toda vez que xa se recoñecía como oficial no Estatut de 2006.

“Os poderes públicos deben garantir o uso da lingua de signos catalá e as

condicións que permitan acadar a igualdade das persoas con xordeira que opten por esta lingua, que debe ser obxecto de ensinanza, protección e respecto” (artigo 50.6).

Na Galiza a aprobación da Lei 20/2007 fixaría como único idioma oficial a LSE e mesmo no transcurso do debate social arredor da planificación lingüística chegaría a negarse a existencia dunha lingua de signos propia no noso país.

Así as cousas, a profesora do Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Cristina González Abelaira, sitúa en 1864 coa fundación do Colexio de Xordos santiagués, no Centro Estatal de Educación Especial para Xordo-Mudos 'Santa María' no Fogar Provincial de Santa María de Lugo (1978) e outros colexios para persoas con xordeira, “o berce da Lingua de Signos Galega” aínda que esta nunca tivo recoñecemento legal debido a “factores sociais e políticos”.

No entanto, foron xurdindo tímidas iniciativas a prol do recoñecemento da LSG:

1ª) En 2008, dende a Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela e subvencionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, editouse unha revista titulada: *As nosas mans*, coordinada por Andrés Caamaño Hermida. Esta revista, que resultou efémera, pretendía recoller signos nados e usados na Galiza, en risco de desaparecer baixo a presión das correntes maioritarias e xeralistas da lingua de signos dominante no Estado español, a LSE.

2ª) En 2006, o Centro de Formación e Recursos do Profesorado (CFR) de Ferrol, formado na súa maioría por especialistas de audición e linguaxe, redactou o Dicionario de Lingua de Signos Galega (DILISGA). Trátase de contidos multimedia divididos en tres partes cuxo obxectivo é a

divulgación da Lingua de Signos Galega como parte importante do noso patrimonio histórico e cultural.

Esta realidade legal e o recoñecemento exclusivo da LSE como oficial en Galiza provocou que sexa a única utilizada en todos os ámbitos, a que transmiten as asociacións de persoas xordas galegas e a que adoptou a FAXPG de maneira oficial. Da mesma maneira é a usada, tamén en exclusiva, polos intérpretes de lingua de signos formados nas aulas galegas, a través do ciclo superior de Técnico en Interpretación de lingua de signos provocando unha situación semellante á que atinxe a oralidade en español e galego. É dicir, a xeración dunha relación asimétrica entre a lingua de signos maioritaria, a española, e a propia do país que fica relegada apenas a algunhas asociacións locais de persoas xordas e a contextos illados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar o recoñecemento legal da Lingua de Signos Galega (LSG).
2. Iniciar o proceso de recollida do material necesario para a elaboración do corpus da Lingua de Signos Galega (LSG) como parte fundamental do patrimonio social, histórico e lingüístico de Galiza.
3. Impulsar as mudanzas lexislativas necesarias para incluír entre as obrigas dos poderes públicos galegos a de garantir o uso da Lingua de Signos Galega e as condicións que permitan acadar a igualdade das persoas con xordeira que opten por esta lingua, que debe ser obxecto de ensinanza, protección e respecto.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:44
Nº Rexistro: 32449

Data envío: 14/06/2018 17:44:23.094

4. Introducir a LSG no ciclo superior de Técnico en Interpretación de lingua de signos.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 17:43:50

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 17:43:55

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 17:43:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 17:43:58



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2018 17:44
Nº Rexistro: 32449
Data envío: 14/06/2018 17:44:23.094

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 17:43:59

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 17:44:00

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 03.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

3.2 48793(10/PNC-003944)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a execución polo Goberno galego da totalidade do orzamento inicialmente consignado para o programa 422E "Ensinanzas artísticas" para o ano 2019

Publicación da iniciativa, 463, 17.04.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Na memoria dos orzamentos para o ano 2019 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e no relativo ao programa 422E – Ensinanzas artísticas, podemos ler que a consellaría intenta garantir que a oferta realizada ao seu alumnado se concrete no máis amplo abano de ensinanzas artísticas para que completen a súa formación, cunhas instalacións adecuadas.

Con respecto a isto último, segundo a propia consellaría, en materia de infraestruturas tense estudado a situación das ensinanzas artísticas na comunidade autónoma apreciándose como demandas máis relevantes as seguintes:

1. Demanda de reparacións, ampliacións e melloras nos centros de ensinanzas artísticas.
2. Demanda de novas dotacións e equipamentos e reposición do material deteriorado.

Pese ao anterior, e analizando as execucións orzamentarias dos anos 2016, 2017 e 2018 en relación ao orzamentado inicialmente, temos as seguintes evidencias, en miles de euros:

| | 2016 | 2017 | 2018 | TOTAL |
|---------------------|--------|--------|--------|---------|
| Crédito inicial | 33.601 | 36.083 | 36.932 | 106.616 |
| Obrigas reconecidas | 29.085 | 30.417 | 32.060 | 91.562 |
| Diferenza | 4.516 | 5.666 | 4.872 | 15.054 |

É dicir, nos últimos tres anos e con respecto ás previsións iniciais, as cantidades destinadas ás ensinanzas artísticas reducíronse en 15.054.000 € o que supón un 16,44 %.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 09:30:00
Nº Registro: 48793
Data envío: 04/04/2019 19:11:34.431

Pese a que esa redución vén sendo constante, nos orzamentos para o ano 2019 no programa citado figuran 38.638.000 €, o que pode supoñer unha incoherencia entre a traxectoria das cantidades destinadas inicialmente e o necesario coñecemento do que realmente se gasta.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a executar no ano 2019 e dentro do programa 422E – Ensinanzas artísticas, os 38.638.000 € orzamentados inicialmente.

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/04/2019 19:07:02

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/04/2019 19:07:10

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/04/2019 19:07:23



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es